



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE XUÑO DE 2017

### **Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

### **Concelleiras e concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

### **Concelleiras e concelleiros ausentes:**

Don Ángel Rodríguez Conde.

### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as once horas e trinta minutos do día dous de xuño de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se a señora Concelleira e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### **1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA 2 DE XUÑO DO 2017, ÁS 11:30 HORAS.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 2 de xuño de 2017:

<<Visto que o 5 de agosto do 2017 prorrogárase por un ano máis o contrato do servizo de explotación da cafetería do Centro Social e Auditorio, salvo que se denuncie con dous meses de antelación, é dicir, o 5 de xuño do 2017, e considerando que segundo o artigo 113.1.a) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, nas sesións extraordinarias e urxentes que realice a Xunta de goberno local, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos seus membros,

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Ratificar a urxencia da convocatoria da sesión da Xunta de Goberno Local a realizar o 2 de xuño do 2017 para os efectos de poder denunciar o contrato do servizo de explotación da cafetería do Centro Social e Auditorio antes do 5 de xuño de 2017.

**Segundo.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado

do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 2 de xuño de 2017 nos termos expresados anteriormente.

## **2.- DENUNCIA DO CONTRATO DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL E AUDITORIO.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 2 de xuño de 2017:

### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por acordo da Comisión de Goberno (actualmente Xunta de Goberno Local) do 3 de agosto do 1992 adxudicouse o contrato de explotación do servizo de cafetería do Centro Social e Auditorio de Padrón polo sistema de concerto directo a don Antonio Espiñeira Cajaraville polo prezo de 12.000 pesetas anuais.

Segundo. O 5 de agosto do 1992 formalízase en documento administrativo o contrato de explotación do servizo por un prazo dun ano, contado desde a data do outorgamento do mesmo, poidendo prorrogarse por anualidades sucesivas.

Terceiro. Por Providencia do señor Alcalde do 23 de maio do 2017 solicítase informe á secretaria municipal sobre a posibilidade de denunciar o contrato e o procedemento a seguir para elo

Cuarto. O informe solicitado emítese o 30 de maio do 2017.

### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando o informado pola secretaria municipal o 30 de maio de 2017, cuxos argumentos son asumidos no presente acordo como motivación en base ao establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), que di:

*<<Primeiro. Preténdese a denuncia dun contrato asinado o 5 de agosto do 1992 polo que o primeiro que se debe determinar é a normativa aplicable ao mesmo tendo en conta que ao longo destes 25 anos son varias as leis e regulamentos aprobados en materia de contratos públicos. A normativa vixente en 1992 estaba basicamente constituída pola Lei de contratos do Estado de 1965, o Regulamento de contratos do Estado de 1975 e o Regulamento de contratación das corporacións locais de 1953. Con posterioridade aprobouse a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, en cuxa disposición transitoria primeira recolleuse que:*

*"Los expedientes de contratación en curso en los que no se haya producido la adjudicación se regirán por lo dispuesto en la presente Ley, sin que, no obstante, en ningún caso sea obligatorio el reajuste a la presente Ley de las actuaciones ya realizadas".*

*Do que se conclúe que os adxudicados con anterioridade réxense pola normativa anterior, neste caso a citada no parágrafo anterior. Segundo esta tan só existían 3 tipos de contratos administrativos típicos: obras, subministracións e xestión de servizos. En consecuencia, resulta irrelevante para os efectos da denuncia que se pretende que actualmente a clasificación dos contratos sexa diferente ou que actualmente un contrato co mesmo obxecto poida ser clasificado como de xestión dun servizo público.*

*Segundo a propia nomenclatura empregada no contrato formalizado e no resto do expediente tramitado, este clasifícase como de xestión de servizos e ten por obxecto a explotación da cafetería do Centro Social e Auditorio e inclúe ademais os servizos de limpeza e conserxería do edificio. Na súa cláusula II establécese que terá a duración dun ano, contado desde a data do seu outorgamento, e que pode ser prorrogado por anualidades sucesivas. Engádese ademais que "se entenderá producida la prórroga anual, si por cualquiera de las partes no fuera denunciada su extinción con dos meses como mínimo de antelación a la fecha de su vencimiento". Esto supón que si se quere declarar extinguido o contrato e evitar que se prorrogue un ano máis, o órgano competente na materia*



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

*deberá notificar ao contratista o acordo de denuncia antes do 5 de xuño de 2017.*

*En calquera caso débese subraiar que xa na normativa vixente no 1992 prohibíase a duración indefinida dos contratos públicos, como parece que se deduce do texto do contrato que se informa e aínda do prego aprobado. O artigo 10 do RCCL establecía que:*

*"Serán nulos los contratos de duración indeterminada o por más de cincuenta años, y las cláusulas que impliquen monopolio, salvo las excepciones expresamente previstas por la Ley."*

*É dicir, en último término o contrato non podería prorrogarse máis alá do ano 2042.*

**Segundo.** *En canto ao órgano competente para denunciar o contrato actualmente debemos acudir ao disposto na disposición adicional 2ª do TRLCSP que establece que:*

*"1. Corresponden a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, de gestión de servicios públicos, los contratos administrativos especiales, y los contratos privados cuando su importe no supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluidos los de carácter plurianual cuando su duración no sea superior a cuatro años, siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada."*

*En consecuencia, corresponden ao Alcalde as competencias en materia de contratación cando:*

- o importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.*
- o importe non supere os 6.000.000 €.*
- a duración non supere os 4 anos.*

*Cando non se cumpra algunha das condicións anteriores a competencia será do Pleno da Corporación.*

*Tendo en conta que o importe inicial do contrato foi de 12.000 pts (equivalentes a 72,12 €) e tendo en conta que segundo a cláusula II do contrato o canon se revisaría anualmente conforme á variación do IPC do ano inmediatamente anterior, o importe total do contrato ao longo destes 25 anos ascendeu a un total de 2.677,86 € (véxase anexo a este informe).*

*Segundo o informe da Interventora Municipal do 9 de febreiro do 2015, o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2015 ascende a 580.715,99 €. Dado que o orzamento do 2017 é prorrogado do 2016 e do 2015 e a prórroga faise polos mesmos créditos iniciais, entendemos que a cuantía non experimentou variación. Polo tanto, o importe do contrato non superou o 10% dos recursos ordinarios nin os 6.000.000 de euros.*

*Non se cumple en cambio a última condición posto que o contrato é por máis de catro anos, polo que resultaría que o órgano competente sería o Pleno. Non obstante, as competencias plenarias en materia de contratación están delegadas na Xunta de Goberno local polo artigo 14 do ROM, agás as que requiran para a súa aprobación unha maioría cualificada, é dicir, a "concesión de bienes o servicios por más de cinco años, siempre que su cuantía exceda del 20 por ciento de los recursos ordinarios del presupuesto" (artigo 47.2.j. LBRL).*

*Vistos os importes antes citados extráese que non se supera neste caso o 20% dos recursos ordinarios e polo tanto o órgano competente para adoptar calquera tipo de acordo en relación ao contrato do servizo de explotación da cafetería do centro social é a Xunta de Goberno Local.*

*Cando este último órgano actúa por delegación do Pleno, é preciso igualmente o dictame previo da correspondente comisión informativa por aplicación do artigo 68.2 da LALG e o 123 do ROF. Ben é verdade que o artigo 50 do mesmo regulamento municipal recolle, no seu apartado e), que "nos casos nos que a comisión de goberno exerza competencias delegadas polo Pleno, non será preceptivo o previo informe da comisión informativa correspondente", pero entendemos que este apartado é contrario a dereito porque contradí o disposto na LALG. Si a Comunidade Autónoma de Galicia non tivera desenvolvido a organización complementaria dos entes locais territoriais esta previsión sería correcta en atención ao carácter supletorio do ROF na materia. Lémbrese que o sistema de fontes na organización municipal é a seguinte pola orde que se indica:*

- Lexislación básica do Estado.*

- *Lexislación de desenvolvemento das Comunidades Autónomas.*
- *Regulamentos municipais.*
- *Lexislación supletoria do Estado (ROF)*

*Non sendo así, entendemos que debe aplicarse o disposto na lei galega e recomendamos a modificación do ROM na medida en que, debido á súa antigüidade, moitos dos seus preceptos non se adaptan á normativa actual.*

**Terceiro.** *A extinción do contrato terá lugar o 5 de agosto de 2017 e, en consecuencia, nese día o servizo revertirá ao Concello "debiendo el empresario entregar las obras e instalaciones a que está obrigado con arreglo al contrato, y en el estado de conservación y funcionamiento adecuados" tal e como prevé o artigo 78 da LCE, ao que engade que "durante un período prudencial anterior a la reversión, deberá el órgano de la Administración competente adoptar las disposiciones encaminadas a que la entrega de los bienes se verifique en las condiciones convenidas" (no mesmo sentido o artigo 231 do RXLCE). Dado que a denuncia se realiza con 2 meses de antelación, entendemos que será durante este tempo cando se deberán realizar as inspeccións oportunas tendentes a verificar que o inmovible no que se presta o servizo, os mobles e o equipamento están en boas condicións e de non ser así esixir as correccións oportunas.*

*A cláusula IX do contrato prevé que o Alcalde ou Concelleiro en quen delegue poderá supervisar ou inspeccionar o servizo levantando a oportuna acta. Non obstante e sen prexuízo das competencias do señor Alcalde e do órgano de contratación, recomendamos a designación de persoal técnico coa formación e/ou titulación axeitada para realizar as inspeccións que se consideren necesarias ata a recepción do servizo e, de ser o caso, propoña e valore as reparacións ou reposicións no inmovible ou dos mobles e equipamento.*

*De acordo ao artigo 382 do RXLCE, a garantía definitiva de 250.000 pts. (1.50,23 €) constituida no seu día responderá das posibles indemnizacións e súa devolución deberá seguir a tramitación prevista no artigo 88 do RCCL:*

*"Concluido el contrato sin que hubiere de exigirse responsabilidad, se cancelará la garantía previo cumplimiento de los siguientes requisitos:*

*1.º Anuncio en el «Boletín Oficial de la Provincia», para que en el plazo de quince días puedan presentar reclamaciones quienes creyeren tener algún derecho exigible al adjudicatario, por razón del contrato garantizado.*

*2.º Justificación de haber cumplido las obligaciones derivadas del contrato.*

*3.º Informe favorable del interventor de fondos, en todo caso, y del técnico interviniente en el cumplimiento del contrato por parte de la Entidad Local, cuando lo haya.*

*4.º Acuerdo del Orgáno local competente, que deberá adoptarlo dentro de los sesenta días siguientes al en que se hubiere solicitado la devolución, la cual se entenderá denegada, a efectos del procedente recurso, si no recayere resolución en el expresado plazo."*

**Conclusión:** *Informamos favorablemente a denuncia do contrato do servizo de explotación da cafetería do Centro Social e Auditorio do Concello de Padrón.>>*

Segundo. Considerando que a duración do contrato que se denuncia tivo unha duración de 25 anos, o órgano de contratación competente sería o Pleno segundo a DA 2ª do TRLCSP. Non obstante esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, polo que

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Denunciar o contrato do servizo de explotación da cafetería do Centro Social e Auditorio asinado o 5 de agosto de 1992 con don Antonio Espiñeira Cajaraville e, en consecuencia, declaralo extinguido con efectos do 5 de agosto do 2017.

**Segundo.** Requerir a don Antonio Espiñeira Cajaraville para que na data sinalada (05/08/2017) deixe as



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

instalacións do Centro Social e Auditorio, con todo o mobiliario e equipamento, a disposición do Concello de Padrón en adecuadas condicións de conservación e funcionamento, tal e como se establece na cláusula III.5)b) do contrato asinado no seu día e o artigo 78 do Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado.


**Terceiro.** Designar a don Pablo Rojo Losada, enxeñeiro técnico industrial de Estudio Técnico Gallego, SA, persoal técnico encargado de realizar as inspeccións oportunas do servizo para os efectos de determinar e propoñer, de ser o caso, as reparacións ou reposicións que se entendan necesarias.


**Cuarto.** Facultar ao señor Alcalde para determinar a hora concreta do acto de recepción do servizo que se realizará o mesmo día 5 de agosto de 2017 e que será comunicada ao contratista con alomenos 10 días hábiles de antelación, así como para ordenar ao contratista as reparacións ou reposicións que, de ser o caso, propoña o persoal técnico.

**Quinto.** Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipais e notificalo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Pleno da Corporación Municipal, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 2 de xuño de 2017 nos termos expresados anteriormente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Presidente  
  
Asdo Antonio Fernández Angueira

A secretaria  
  
Asdo Ana María Ares Álvarez